

A poesía bélica de Noriega Varela e tres poemas apócrifos

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FREIXEIRO MATO, XOSÉ RAMÓN (2011 [2006]). “A poesía bélica de Noriega Varela e tres poemas apócrifos”. En Xesús Alonso Montero e Miro Villar (coords.), *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)*. Vigo: Xerais, 71-105. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/115>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FREIXEIRO MATO, XOSÉ RAMÓN (2006). “A poesía bélica de Noriega Varela e tres poemas apócrifos”. En Xesús Alonso Montero e Miro Villar (coords.), *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)*. Vigo: Xerais, 71-105.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A POESÍA BÉLICA DE NORIEGA VARELA E TRES POEMAS APÓCRIFOS

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Universidade da Coruña

O poeta Antonio Noriega Varela (1869-1947), natural de Mondoñedo (Lugo), tras a etapa inicial de formación e mocidade na cidade natal, exerceu a profesión de mestre en Foz (1901-1911), en Calvos de Randín, na provincia de Ourense (1911-1913), en Trasalba, á sombra de Otero Pedrayo (1913-1926), na Graña de Vilarente, no concello lugués de Abadín (1926-1931), e, por último, na escola de Chavín, en Viveiro, desde 1931 até a súa xubilación en 1940, residindo xa no contorno da fermosa vila do Landro até o momento da súa morte. A esta derradeira etapa na vida do autor, que vai de 1931 a 1947, anos de grande convulsión política e social, é á que nos imos referir nas seguintes páxinas.

Neste período o poeta vai trocar a súa querida Montaña pola Mariña. Os durísimos invernos da Graña de Vilarente foran minando o corpo e o espírito do autor, chegando mesmo a perder o seu optimismo natural. Á súa idade, cos 62 anos á porta, o corpo xa non respondía como antes, e o amor pola montaña non suaviza o rigor do seu clima. Así que Noriega foxe dos cumios nevados e dos xeos das lagoas para se refuxiar na deostada mariña, na procura dun clima máis temperado, e tamén na procura da calor humana que lle darán as novas amizades. No curso 1931-1932 xa está de mestre na escola de Santa María de Chavín, á beira do río Landro e nas proximidades de Viveiro, vila bañada polo mesmo mar que xa Noriega coñecera na súa etapa de Foz e nos veráns pasados na praia da Rapadoira.

1. A última etapa na vida do poeta (1931-1947)

Lonxe da montaña amada, e protexido pola suave brisa do Cantábrico, vai Noriega encarar os últimos anos de docencia, camiño xa da xubilación, con novos folgos, recuperado o seu optimismo anterior coa axuda de novos amigos, entre os que podemos mencionar a Francisco Leal Insua, Antonio Aparicio Ferreiro, José Nistal López, o industrial José Barro, Henrique Chao Espina e outros. A case solitaria compañía do xoven poeta Aquilino Iglesia Alvariño en Abadín é substituída [72] por unha corte de amigos e admiradores, con quen departirá longas horas na vila de Viveiro, a onde acudía diariamente. Entre estes amigos destacaba o tamén poeta, aínda que moito máis novo, Leal Insua, que facía os seus versos en lingua castelá.

A etapa de mestre en Chavín vai coincidir coa Segunda República e logo coa guerra civil española. Diante destes acontecementos posiciónase claramente e sen ambigüidades.

Coherente coa súa liña ideolóxica tradicionalista, opúxose á República e ás medidas secularizadoras tomadas por esta, como podemos ver en carta do ano 1933 a Trapero Pardo:

“Hay en derredor mío una muy pintoresca fauna de pisaflores, con reloj de pulsera y calcetines de color malva, que a pié juntillas creen (los blasfemos) que desapareció Dios con la monarquía, que antes de ellos, no se sabía absolutamente nada, y que van a sustituir, muy ventajosamente (*miñas cousiñas*), la enseñanza religiosa...

Estos *resalados* creen asimismo (ya con más fundamento), que soy yo *cachivache de antaño* y que por *antigualla* hay que arrinconarme, o prenderme fuego.

Ya que otra cosa no permiten las circunstancias, continúa rezando las oraciones de entrada y salida, y por tamaño desacato, no cesan de criticarme y de maldecirme”¹.

Durante a República Noriega mantivo o crucifixo na súa escola, en contra das disposicións oficiais; este feito será publicamente gabado polo primeiro gobernador civil do chamado ‘Movimiento Nacional’, Ramón Bermúdez de Castro, quen, nunha das súas primeiras circulares, de 11 de agosto de 1936, ordenou a reposición dos crucifixos, mencionando expresamente o comportamento de Noriega. Na circular ordena que “se proceda por todos los señores alcaldes a la colocación en todos los salones de clases de las escuelas de esta provincia del símbolo sagrado de la Cruz de Cristo para que en esos centros se formen ciudadanos españoles amantes de su Patria, y prontos a toda suerte de sacrificios en un holocausto”. E acrecenta: “Consecuente con este asunto he de hacer presente a los habitantes de esta provincia que se reistaurará el crucifijo en todas las escuelas de la misma menos en la de niños de Santa María de Chavín, porque en ella no faltó ni un solo instante su Augusta Presencia, merced a la firmeza, a la gallardía y a la serena fe del maestro nacional que la regentaba D. Antonio Noriega Varela, inspirado poeta de la montaña lucense y por serlo, con la delicadeza y finura espirituales necesarias para hacer alarde de rasgo tan meritorio, que yo por lo que tiene de enaltecedor para el Cuerpo a que pertenece el referido maestro, me honro en hacer patente para la debida ejemplaridad [73] y merecida alabanza”². A prensa que apoia o Movemento louva a circular do Gobernador e a mención a Noriega: “Justísimo es el encomio tributado al culto maestro de la escuela de niños de Chavin (Vivero)”³.

Este mesmo feito é lembrado tamén cando se publica unha composición que Noriega dedicara ao xeneral Sanjurjo no seu desterro en Estoril, con motivo da amnistía do ano 1934⁴. Resulta curioso que esta poesía fose escrita en lingua galega, pola persoa a quen ía dirixida; e, ademais, confirma claramente o compromiso ideolóxico do poeta, adquirido xa antes da guerra, coas forzas que se sublevarán contra a legalidade republicana. Isto mesmo fica patente nos “xuicios do ano” publicados en *O Gaitero de Lugo* no período 1931-1935, así como no publicado en *Vallibria* en 1936. O claro compromiso do autor coas forzas políticas e militares máis conservadoras, que logo darían o golpe de estado,

¹ Cfr. X. R. Freixeiro Mato, *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*, vol. II, Deputación Provincial, Lugo, 1994, p. 441.

² Cfr. *Vida Escolar*. Semanario dedicado a la defensa del Magisterio lucense, Lugo, nº 497, 29.8.1936; esta circular foi tamén reproducida parcialmente por Claudio Rodríguez Fer en “As revistas do ensino lucense durante a guerra civil”, *El Progreso*, Lugo, 30.11.1988; “O galeguismo ante a cruz durante a Guerra civil”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 383, 20.4.1989 e “A cultura galega na prensa pedagóxica lucense durante a guerra civil”, *Revista Galega de Educación*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, nº 10, Outubro 1989.

³ Cfr. J. S., “El Crucifijo en las escuelas”, *Vallibria*, Mondoñedo, nº 340, 23.8.1936.

⁴ “A Sanjurjo. No Estoril”, *Vallibria*, Mondoñedo, nº 434, 12.6.1938.

tamén foi resaltado por Claudio Rodríguez Fer: “Noriega Varela escribe panfletos, e é o mellor escritor en galego da zona franquista, mantendo o seu nivel de sempre, cunha forza extraordinaria. Eu compararia a poesía franquista de Noriega coa miliciana e republicana de Cabanillas. Os dous escriben poesía de guerra, belixerante, pero en diferentes bandos [...] A poesía política de Noriega Varela ou de Cabanillas é publicábel dentro do seu xénero, tan lexítimo como outro calquera”⁵. Este mesmo autor cualifica a Noriega como escritor non galeguista, e engade que mantivo sempre as mesmas posicións ideolóxicas: “Noriega Varela foi sempre un reaccionario, mesmo na época anti-caciquil na que tivera problemas administrativos. Noriega asumiu os principios básicos de Falanxe e do franquismo dun xeito extraordinario”⁶.

Durante a guerra civil participará en actos políticos a favor dos sublevados, como sucede o 17 de xaneiro de 1937, en Landrove, onde vai recitar un poema en español, nunha velada a beneficio do exército rebelde; comeza así:

Señor Don Vicente Hermida,
pues sois vos quien convida, [74]
es España el aliciente,
mi pobre musa adormida,
surge y responde: ¡presente!
Por este edén virgiliano
pasa el Landro más ufano
desde que perdió de vista
a «la canalla marxista»,
que abate Queipo de Llano⁷.

Neste período da guerra non diminuíu a súa actividade poética, máis ben se incrementou, orientada polo camiño da poesía política, agora tamén en lingua castelá. O remate da guerra, co triunfo do bando que el apoiou, tróuxolle novos folgos poéticos e rexueneceu o seu espírito, instalándose de novo case por completo no idioma galego e iniciando unha serie de colaboracións en *Vallibria*, os “Informes litterae”, que nos mostran un Noriega optimista, satírico e burlón, próximo dalgunhas composicións da mocidade.

Mais co final da guerra chegou tamén o final da súa vida profesional, despois de 40 anos de exercicio do maxisterio. Cumprira a idade de xubilación o 17 de outubro de 1939, aínda que non se fixo efectiva até o 26 de xaneiro de 1940. Esta xubilación parece romper co seu optimismo e iniciar o declive poético e vital. El mesmo conta esta experiencia a Otero Pedrayo en carta de 27 de xaneiro de 1940: “Vera Vd: el 17 de octubre cumpli la edad reglamentaria para mi jubilación forzosa. Antes, ya el 5 de agosto, le escribí a Don Serafín Paz, un maestro meritísimo de Escourido, qe. ya la obtuviera, para qe. me ilustrase acerca de lo qe. debía hacer. Y el buen señor me contestó: ‘Ahora, ahora sí qe. le van a dar a Vd. en qe. merecer: nueve meses son transcurridos desde qe. a mi me jubilaron, y todavía no cobré un céntimo. Ah!, mi señor padre, qe. era analfabeto, logró reunir un capitalito de doce mil duros; el hijo, maestro de la nación, al terminar con honra sus servicios, no vió

⁵ Cfr. *A Nosa Terra*, Vigo, nº 463, 31.1.1991 (Entrevista de Xan Carballa a Claudio Rodríguez Fer). Vid. tamén do mesmo autor “A literatura galega, en Galicia, durante a guerra civil”, *Boletín Galego de Literatura*, Universidade de Santiago de Compostela, nº 3, Maio 1990, pp. 49-63, e “O gaitero vai á guerra”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 432, 17. 5. 1990.

⁶ Na mesma entrevista (*A Nosa Terra*, Vigo, nº 463, 31.1.1991).

⁷ Publicado en *Vallibria*, Mondoñedo, nº 363, 31.1.1937.

juntos cien reales'. Aterradora la contestación, y vieja la historia, ¿verdad? Bueno, pues inmediatamente, ¡María Santísima!, y alarmadísimo, me trasladé a Lugo con una impedimenta asombrosa de despreciables documentos adornados Dios sabe con cuantas pólizas y timbres móviles [...]. Y hasta ayer, 26 de enero, no me licenciaron. Ahora voy a esperar que vuelva Dorinda, el lunes, Dios mediante, para volver a Lugo y continuar con la cruz a cuestas"⁸. Nesta mesma carta mostra desilusión co trato recibido; quizais esperase outro da súa sona de poeta ou da posición tomada a favor do novo réxime, cando manifesta irónicamente: "Ciertísimo que no fuí [75] de los mentores seleccionados para ir a dar lustre a España a la nación de Musolini, saltando por las picas de Flandes; pero Vd., benefactor mío, bien sabe que ni el Duce pudiera, con justicia, llamárme bárbaro".

A xubilación cólleo en bon estado de saúde ("Gracias a Dios, todavía, sin que la edad me agobie, respiro a pleno pulmón"), mais non pensa en proxectos ("¿Mis proyectos?... Los de antaño: *estenderme com a bôca para o ar..*"), segundo afirma na mesma carta. En xuño do ano seguinte, 1941, escribe: "De regreso de León, donde permanecí con mi familia desde el 23 de nove. hasta el domingo de ramos..."⁹. Xa na carta recién citada a Otero Pedrayo escribera que a súa dona, Dorinda, estaba en León "a llevar un hijo mío para el taller en que trabajan de tapiceros el marido de Nieves y Antoñito, mi hijo mayor que todos los meses me manda 25 duros". Noriega foi pasar, pois, uns meses a León con algúns dos seus fillos. Mais esta experiencia non lle resultou agradábel e pronto regresaría a Viveiro. O poeta da montaña non se afacía en terras alleas nen con xentes estrañas. Disto cóntanos algo Otero Pedrayo: "Escribíame moito Noriega. Unha carta fíxome mal e deseguida escribinlle pra que non caíra na loucura e o erro da residencia en León por conveniencias de familia. // Xa non tiña atadallo o disparate. Nun barrio cheirento a carbón do tren Noriega sufría de angustia física e moral. Como poido retornou a Viveiro"¹⁰.

Antes de ir a León fora pasar uns días a Santander, para asistir a un curso de carácter pedagógico, convidado por D. Ramón Otero Pedrayo. Foron estas as dúas únicas veces que Noriega viaxou fóra do país, se exceptuamos as viaxes a Portugal. En Santander o poeta dedicou o seu tempo a admirar e coñecer outras paisaxes e outras formas de vida, máis interesado nisto que en seguir unhas pesadas conferencias. O mesmo Otero Pedrayo cóntanos esta experiencia do autor: "paseaba co seu andar adispazoso de fidalgo e dono do tempo por os malecós salfrido de escumas, falaba nas terrazas dos cafés, comparaba as elegancias da praya cas mozas carpazonas do seu tempo de farreante por Romariz e Labrada, alquitaraba hastra a derradeira pinga o licor da noite da cidade. E se non recollía sin chegárese ô porto [...]. O pior era madrugar pr'os cursillos. Os seus compañeiros, case todos xóvenes, tomaban a cousa con moita seriedá e levaban carteiras de notas e diarios. O poeta sempre arrodeado de amigos pra escudalo falaba dos piñeiros armoñosos de Ovidio, da primaveira dos toxos, das seráns na Ponte de Lima, de Teixeira de Pascoaes"¹¹.

Xa xubilado, pasou a residir en Viveiro e alí impartiu aulas de latín nun colexio: "y terminó sus días en la ciudad de Vivero dando clases de latín y humanidades, [76] después de haber pasado a engrosar las listas de las clases pasivas del Magisterio"¹²; "D. Antonio

⁸ Cfr. X. R. Freixeiro Mato, *op. cit.*, vol. II, p. 445.

⁹ Cfr. *Ibid.*, p. 448.

¹⁰ Cfr. *O libro dos amigos*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, pp. 45-50.

¹¹ Cfr. "Parladoiro. O poeta cursillista", *La Noche*, Santiago de Compostela, 22.2.1947.

¹² Cfr. J. Travieso Quelle, "El cantor de la montaña a la orilla del mar. Los días de don Antonio Noriega en la ciudad de Vivero", *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena de mayo, 1969.

también fue profesor mío —ya él jubilado de la enseñanza primaria— en el Colegio Hispania de Vivero, en donde explicaba Latin”¹³. Disto podemos deducir doadamente que a súa situación económica non era nen podía ser boa, tendo en conta, tamén, a escasa cuantía da xubilación e a numerosa familia que posuía.

A Deputación Provincial de Lugo concederalle unha pensión anual de 2000 pts. até a súa morte. Tamén en Lugo, tras iren aparecendo na prensa desde 1943 artigos a favor de organizar unha homenaxe ao autor de *Do Ermo*, se formará no verán de 1945 unha “Comisión para el Homenaje de Galicia a Noriega Varela”, constituída por Francisco Leal Insua, como presidente, José Traperero Pardo, como secretario, Nazario Abel Corredoira, como tesoureiro, e como vocais Julia Minguillón, esposa de Leal Insua, Purificación de Cora Sabater e Antonio Díaz Carreira. Esta Comisión desenvolve un intenso labor perante corporacións e personalidades. As xestións van ir dando resultado, coa achega de diferentes cantidades de diñeiro por parte, entre outras, do Concello da Coruña, Foz, Viveiro, Ourense e Lugo, da Deputación de Ourense e da de Lugo, que xa lle tiña asignada unha pensión anual.

Antes de estar preparada a edición da súa obra, celébrase a velada de homenaxe no “Gran Teatro” de Lugo, o 26 de abril de 1946, da que a prensa vén informando con periodicidade¹⁴. Neste acto, ao que non acode o poeta por non llo permitir o seu estado de saúde, proliferan as actuacións musicais, coa única intervención, como orador, de Xulio Francisco Ogando Vázquez, quen glosa a obra do autor¹⁵.

No mes de outubro aínda se está preparando a edición definitiva da súa obra, de que se encarga a Comisión da homenaxe e, fundamentalmente, o seu presidente, Leal Insua. Noriega, enfermo e sen se erguer da cama, segue moi preocupado a preparación do libro, pois quería que este fose editado de acordo co seu criterio e baixo o seu control. No mes de novembro de 1946 xa lle foi entregado o exemplar da edición definitiva da súa obra: “El acto tuvo lugar en una de las habitaciones del domicilio de Noriega Varela, en Vivero, por guardar cama el poeta a consecuencia de una reciente afección. Don Francisco Leal Insua, como presidente de la Comisión del homenaje, acompañado del tesorero de la misma, D. Nazario Abel Corredoira, y en presencia de su esposa doña Dorinda Almansa y sus hijas Dolores, Car[77]men y Ana María, entregó a Noriega el primer ejemplar de “D’o ermo”, reimpresso ahora en cuarta edición y en el que van incluídos los poemas de “A Virxen y a paisanaxe” y de “Montañesas”, o sea, toda la obra poética completa de Noriega Varela reunida en un solo volumen”¹⁶.

Son, pois, as institucións e as autoridades franquistas as que homenaxean o poeta da montaña e as que subsidian a publicación da súa obra completa nos duros anos da posguerra, sen lles importar que esta estivese escrita en lingua galega. Ben sabían que Noriega Varela sempre lles fora fiel, tanto antes como durante e despois da confrontación bélica. E, por suposto, en toda a súa obra nada había que puidese resultar molesto ao réxime político ditatorial de Franco.

Camiñando cara aos 78 anos, cando aínda o ano 1947 non rebasara o seu primeiro terzo, a morte vaille saír ao encontro, falecendo o autor o 27 de marzo dese ano. O funeral cele-

¹³ Cfr. José María Beltrán Veiga, “A la vista del centenario. Noriega Varela, Camilo Cela, Villar Ponte... y Salgado Toimil (I)”, *El Progreso*, Lugo, 11.5.1969.

¹⁴ Vid. *El Progreso*, Lugo, 5.3.1946, 9.3.1946, 12.4.1946, 23.4.1946 e 26.4.1946.

¹⁵ Vid. “El festival de homenaje a Noriega Varela en el Gran Teatro ha resultado brillantísimo”, *Ibid.*, 27.4.1946.

¹⁶ Cfr. “En un sencillo y emocionado acto le fue entregada a Noriega Varela la nueva edición de sus obras”, *El Progreso*, Lugo, 12.11.1946.

brouse na parroquia de Santiago de Viveiro, co templo ateigado de público, sendo o seu cadáver conducido ao cemiterio de Altamira acompañado dunha grande multitude de xente que acudiu a despedilo. Presidían a comitiva fúnebre, ademais da familia, o alcalde de Viveiro, Pedro Cora Montero, que tamén representaba o director xeral de Ensinanza Profesional e Técnica, Delio Mendaña Álvarez, director do Instituto Masculino de Lugo, en representación do Reitor da Universidade de Santiago, o deputado provincial Jesús Taladríd Coll, o capitán Secundino Ibias, comandante militar da praza, Julio Francisco Ogando, catedrático de Literatura do Instituto Feminino de Lugo, José Ramos, secretario do Círculo de las Artes de Lugo, Román A. Crespo representando a Inspección de Primeira Ensinanza, Francisco Leal Insua por *El Progreso*, Nazario Abel Corredoira, presidente da Filarmónica de Lugo e secretario do Colexio de Axentes Comerciais, Antonio Díaz Carreira, representantes de entidades provinciais e locais e representantes eclesiásticos acompañados de case todo o clero da comarca. O féretro foi levado a ombros de amigos e alumnos, prendido coa Cruz de Afonso X o Sabio, que lle fora concedida tres anos antes e entregada nunha homenaxe popular en Mondoñedo, e coa da Confraría de María Milagrosa, a que pertencía o poeta.

Non lle faltou tampouco ao poeta, pois, o acompañamento e o recoñecimento das autoridades oficiais do réxime franquista na súa última viaxe ao cemiterio vivariense en que repousan os seus restos mortais.

[78] 2. A coherencia ideolóxica de Noriega

Segundo xa fica apuntado no apartado inicial, Noriega Varela foi unha persoa ideoloxicamente coherente ao longo da súa vida, manténdose sempre fiel a un ideario fortemente conservador, dentro do que temos chamado catolicismo tradicionalista, podendo ser cualificado tamén como politicamente antigaleguista¹⁷. Así, opúxose desde o principio a calquer movemento político ou institución que, sequer timidamente, tentase incorporar a lingua galega a outros usos diferentes daqueles relacionados coa preservación das tradicións populares. E foi o nacionalismo galego quen procurou dar pasos neste sentido, recibendo duros ataques de Noriega xa no ano 1922: “Para engrosar en sus filas (Dios nos tenga de su mano!) es condición indispensable no saber *ni una palabra de gallego* (ellos inventaron *una jerga* abominable)”¹⁸. Escrebe en 1925: “Fuimos a La Coruña temiendo una celada, *co-a almiña nun fio*, porque siempre estuvimos enfrente de la Academia Gallega, y en frente de las Hirmandades d’a Fala (que llamamos de la Tala)”¹⁹. Isto está escrito antes de que lle publiquen *Como falan os brañegos* os galeguistas de Nós, aos que criticará moi duramente por lle alteraren o texto. Mais non deriva deste feito a denominación que lles dá de “irmauciños da tala”, que é anterior, e por tanto ten unhas motivacións ideolóxicas máis claras.

¹⁷ Vid., ao respecto, X. R. Freixeiro Mato, *op. cit.*, I, pp. 132-152.

¹⁸ Carta de Noriega a Teixeira de Pascoas, de 29 de decembro de 1922: cfr. *Ibid.*, II, p. 385.

¹⁹ Carta a Trapero Pardo, de 11 de xuño de 1925: cfr. *Ibid.*, II, p. 414.

No “xuício do ano” 1931, publicado en *O Gaitero de Lugo*, lemos:

Na ‘Voz’, no ‘Pueblo’ ou no ‘Faro’
das nosas grorias avaro,
un galleguista truhán,
¡que risa!, poñerá en claro
si iba a chicas Breogán.
[...]
I a nosa faliña (pranto
de Rosalía) o divino,
doce linguaxe en que eu canto,
xa nunca máis será chino
rescatado de esperanto²⁰.

[79] E no de 1935:

Tamén (pra desraigala)
seguirei eu dando voces:
Santo Cristo, ¡que herba mala
os barbarismos atroces
dos irmauciños da fala!²¹

En carta a Otero, de 1928, di: “*Os camiños d’a vida*, aparte su reconocidísimo valor literario, marcan una nueva era pa. nuestras Bellas Letras y-a que cogió Vd. por los sende-ruelos qe. conducen a la aldea, y supo, ¡trascendentalísima determinación! apartarse, asqueado, de *los campos de la arbitrariedad inconsciente* que también aborrecen el gran Cotarelo, y mi dignísimo jefe el Sr. Couceiro Freijomil”²². Parece como se Noriega quixese levar a Otero ao terreo da propia conceición lingüística e equiparalo con Couceiro Freijomil, oposto radicalmente ao movemento galeguista e militante antinacionalista. O propio Otero foi consciente disto: “O poeta disimulaba unha certa desconfianza diante o galeguismo político. E o uso do galego fora do puro mester poético. Cecaís no fondo se erguera un senso sagro da arte, co grimo de se bastardeare a lingua nidia da montana na usanza cidadán, na polémica xornalística. Algún despótico amigo, gramático enxoito, nemigo a morte do espírito pondalián e da Academia, traballou moito pra determiñare unha aitude en Noriega que chegou ao alonxare do seu gran amigo Antón Vilar Ponte, dos días dourados de Foz”²³. Este “gramático enxoito” debe ser Couceiro Freijomil, inspector do ensino e, portanto, xefe de Noriega, como el mesmo lle chama. A influencia sobre o poeta puido existir, igual que a de Jaime Solá ou outros antinacionalistas amigos seus, mais, no fundamental, o seu pensamento sobre a lingua sempre foi o mesmo, e niso coincidiu con aqueles que mantiñan posturas políticas antigaleguistas.

Noriega non só non militou nunca no campo do galeguismo político, senón que foi usado como escudo contra el por parte do mesmo Solá, quen escribe a propósito do ingreso do poeta no Instituto Histórico do Minho: “Y a propósito. ¿Sabe el Sr. Liste lo que acaba de decir en un acto solemne del Instituto Histórico do Minho, el ilustre literato y periodista

²⁰ Cfr. *Ibid.*, II, pp. 59-60.

²¹ Cfr. *Ibid.*, II, p. 84.

²² Cfr. *Ibid.*, II, pp. 431.

²³ Cfr. “Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II), *Chan*, Madrid, nº 7, 1969, p. 15.

Silva Campos, uno de los leaders de la aproximación espiritual luso - gallega?: que le gusta más el español que el gallego. ¿Y sabe que fechoría acaba de realizar en el mismo acto otro leader, el coronel Sarmento?: hablar en español para cantar los méritos de Noriega Varela, que escribe en gallego [80] y que no obstante ama la lengua hispana tanto como el ilustre portugués Silva Campos, y la unidad de la patria española tanto –con el corazón– como el nacionalista Gil Rovira la ama con la letra de molde”²⁴.

Non só non pertenceu Noriega ao movemento galeguista, senón que se opuxo a el e o combateu con teimosía, desprezando as poucas institucións con que o país tentou dotarse. Véxanse ao respeito estes versos do “xuício do ano” 1931 no xa citado calendario lucense:

Pipiolo que aspire a Irmao
retratalo han de peilao
(a cachapernas dun bombo)
cunha fouciña na mao
e unhos gadaños ó lombo.
E xamais será dos bos
e xenerosos quen toma
a parva con moxilós,
i a broma certos sermós
que hai que toma-los a broma...
A Academia, que hoxe en día
máis pinta o loro que fía,
e nunca pasou de leria,
no ano novo, inda que eu ría,
parecerá cousa seria...
O Trasno e maila Estadea
(inda que o demo n’a lea
e solo apañe donaires),
repartirán pola aldea
«A Fouce» de Buenos Aires²⁵.

Estes e outros ataques acabaron por achar resposta contundente nalgúns medios de comunicación, como a que chega desde Buenos Aires nas páxinas de *A fouce*, aludida nos versos anteriores:

“O señor Noriega Varela mandou unha carta a un periódico galaico-hespañol desta cibdade, arremetendo contra os nazionalistas e tratando de por en ridículo as nosas labours en prol da liberdade galega. [81]

Noriega Varela, poeta non xenial e mestre d-escola non dos bós alá en Trasalba, non tiña necesidade de faguer ese auto de fe de desleigado e mal galego. Sabíamos xa de antemán da sua aitude noxenta cando o M. Maura andivo por Lugo e contábamolo com-a un máis no número dos sometidos o poder opresor da nosa Terra, mancha moura na sua conducta que non se limpa ainda tendo en conta o feito de ser poeta galego e haber publicado o libro «Do ermo».

Aitude noxenta de reaccionario, entregado en corpo e ialma aos que escravizan a Galiza, que non ten desculpa, aínda nomeando, com-a il o fai, a Rosalía, e Curros, quen es dende a coba onde descansan repudiarán seguramente ese proceder.

²⁴ Cfr. “El «ridiculus mus» del nacionalismo, *Vida Gallega*, Vigo, nº 171, 20.5.1921.

²⁵ Cfr. X. R. Freixeiro Mato, *op. cit.*, II, pp. 58-59.

Desagradecido con quen lle fixo ben, e mal galego ademáis. ¿Qué pode agardarse do señor Noriega Varela?

Un renegado máis, un novo estorbo que teremos que botar a unha banda do camiño”²⁶.

Por outra parte, Noriega sempre foi un home conservador e católico de carácter moi tradicionalista. Para el a relixiosidade está intimamente unida á tradición, mesmo formando parte dela. Acéitaa e deféndea como algo natural e indiscutíbel, que forma parte do legado dos nosos devanceiros, igual que o dengue ou a monteira. Tradición e relixión acaban por ser o mesmo. A tradición convértese nunha relixión para o poeta e a relixión imprégna-se na tradición. Esta pasa a se transformar nun valor absoluto, e por iso a representará frecuentemente con letra maiúscula nas súas composicións. A tradición é a autoridade que nos transmite o saber e que nos lega os costumes, os símbolos e as crenzas relixiosas; por iso as debemos asumir sen as cuestionarmos. Ao definírmolo como poeta católico tradicionalista, queremos resaltar que ten unha militancia ideolóxica no tradicionalismo político, que o fai católico dun determinado xeito, fronte a outras maneiras de entender o catolicismo. Esta doutrina política conformou o carlismo no século XIX e o nacional-catolicismo a partir de 1936.

Tal adscrición ideolóxica dáse durante toda a vida do poeta, aínda que non se evidencie, coa mesma claridade, en todas as etapas da súa existencia, sobretudo naquelas en que a sociedade está rexida por eses mesmos principios ou, polo menos, non os pon en perigo. Cando isto sucede, cando a partir de 1931, coa proclamación da Segunda República española, se poñen en cuestión a tradición e a relixión, entón será cando Noriega, mesmo con valentía, asumirá unha militancia activa en defensa do tradicionalismo católico, agora en perigo.

Segundo xa se viu, non mantén unha posición de acomodación ao poder, senón que defende con convicción os seus principios ideolóxicos, enfrentándose mesmo [82] a ese poder, cando foi necesario, como no caso do mantimento do crucifixo na súa escola, sendo o seu comportamento louvado e cualificado case como heroico por comentaristas de clara adscrición católica: “Protestaron los marxistas, le visitaron inspectores, se le amenazó con expulsarlo. Todo inútil. Su contestación era invariable: antes se marcharía él que dejar sin Dios a los niños”²⁷.

Durante o período que comprende a República e a guerra civil, o seu compromiso ideolóxico faise máis patente ou explícito polas circunstancias históricas que neses anos se viven. Agora que están en loita dúas conceicións da vida, que podemos simplificar en tradición fronte a modernidade, Noriega, vendo aquela en perigo, sae na súa defensa, asumindo, inclusive, riscos persoais. E non dubida en pór a súa inspiración poética ao servizo desa causa, abandonando o retiro no ermo solitario, para se converter nun poeta comprometido cunha facción política e facer poesía panfletaria, que tanto debía repugnar á súa “musa queiroguenta”, pois xa anteriormente fora depurando a súa obra de elementos costumistas e descritivos, para camiñar cara ao puro lirismo da natureza, na liña do franciscanismo poético, deostando a poesía da súa primeira etapa que representa o libro *Montañasas*.

²⁶ Cfr. “Un renegado mais”, *A fouce*, Bos Aires, nº 68, febreiro de 1934.

²⁷ Cfr. Francisco Leal Insua, “Presencia de un poeta gallego en Europa”, in *Pastor Díaz, Príncipe del Romanticismo*, Lugo, Talleres Gráficos de Gerardo Castro, 1943, pp. 103-110.

3. A sátira política e a poesía bélica de Noriega

Noriega Varela, moi lonxe de ser un poeta monocorde de carácter fransiscanista, cultivou outros tipos de poesía, se ben el mesmo os minimizou e os ignorou en boa medida á hora de preparar a edición definitiva da súa obra (*D'o Ermo* 1946). Entre eles está a sátira político-humorística da época da 2ª República, que comprende os “Xuicios d’o Ano” publicados no período de 1931 a 1936, os cinco primeiros en *O Gaitero de Lugo* e o de 1936 en *Vallibria*, onde o poeta se posiciona claramente en contra da República e das forzas políticas progresistas, defendendo a súa ideoloxía tradicionalista e criticando os novos costumes:

Mariquitas!, sempre en tratos
c’os cosméticos baratos...
y-adiós os homes fornidos!
chegóu o tempo d’os gatos
e d’os merengues lambidos...
As monas chámanlles chicos,
y-eu, comparando estes micos [83]
c’os montañeses viriles,
lémbrome d’os abanicos
e deixo en paz ôs fusiles²⁸.

Os líderes políticos da esquerda, principalmente Azaña, van ser obxecto das súas sátiras:

Xan, ¡a barrer os bandidos!
C’os cinco, ¡c’os dez sentidos!,
entende que a mai d’a aña,
van ser os “burgos podridos”
que xa caparon a ...²⁹

Tamén Largo Caballero:

Será est’ano Mariscal
d’as égoas todas qu’él queira
un Cabalo, sin ronzal,
Longo com’on adival,
salvaxe com’A Frouseira³⁰.

O movemento galeguista será, así mesmo, como xa vimos, un dos obxectivos constantes da súa sátira nestas composicións:

Quén eras tú, Xan Labrego?
o papamoscas, ¡o cego
de nacemento!; mais ¡cala!
pra ch’enseñar o gallego
x’hay “Hirmandades d’a fala”³¹.

²⁸ “Xuicio d’o Ano” 1933, vv. 36-45, en *O Gaitero de Lugo*.

²⁹ “Xuicio d’o Ano” 1934, vv. 71-75, en *O Gaitero de Lugo*.

³⁰ “Xuicio d’o Ano” 1935, vv. 21-25, en *O Gaitero de Lugo*.

³¹ “Xuicio d’o Ano” 1932, vv. 56-60, en *O Gaitero de Lugo*.

O ambiente prebélico, xunto coa sátira constante contra as forzas progresistas, déixase notar no ‘Xuicio do ano’ 1936:

O ano mil novecentos
trinteseis é o da Alborada [84]
do señor Soto Riguera
ou, ¡meigas fóra!, d’Azaña.
(¡Aquelo de Casas Vellas
solo foi fume de pallas!...) [...]
Mirando despacio as cousas,
pra que España seña Jauja,
¡que se repita o de Asturias
únicamente nos falta!
No ano mil novecentos
trinteseis, que ás portas chama,
ou as cabras n’han dar leite
ou os do bienio nos salvan [...]
Casares baile a muiñeira,
tire os foguetes Azaña,
y-eu mollarei a palleta
pra que mellor sone a gaita³².

Tamén cultivou nestes anos a poesía política a favor das forzas sublevadas contra a República. Antes do inicio da guerra compuxo o poema “A Sanjurjo no Estoril” en galego, que enviou en 1934 a esa cidade portuguesa en apoio e gabanza do militar golpista; comeza así:

A musa que en lusitana
terra Vos ve, xubilosa,
é viril, porqu’ é serrana.
Si xa despiden máis brillo
vosas cruces, a brañega
tamén traí cruz no xustillo...
Po-la Cruz, e por quen eres,
déixaa bradar: ¡vive España
gracias a Dios, y-as mulleres!...
Tú, Héroe... Y adios valente!
(inda que decilo teña
rasgando a cofia c’os dentes).
Isolada a bazaría
cubrúenos “A Negra Sombra”
que magoára a Rosalía. [85]
Oculto o Sol d’o teu Nome
España fóise abatendo
palmo a palmo, y-home a home³³.

A poesía política composta por Noriega nos anos da guerra está en español e foi publicada na revista *Vallibria*, comprendendo os poemas:

³² “Xuicio d’o Ano” 1936, vv. 39-44, 95-102 e 107-110, en *Vallibria*, Mondoñedo, nº 308, 12.1.1936.

³³ Publicado en *Vallibria*, Mondoñedo, nº 434, 12.6.1938, onde se dá como inédita, mais indicando que foi enviada polo autor ao xeneral golpista, quen lle mandou unha fotografía dedicada o 24 de agosto de 1934.

a) “¡Paso a España!”, de 9 de agosto de 1936, que termina así:

¡Arriba, oh Madre-España!,
¡en pie el Pilar está!
y en la tumba que, traidor, te cavó Azaña
sucumbirá.

b) “Aurora de un fausto día”, de 31 de xaneiro de 1937, recitada polo autor en Landrove nunha velada artística a favor do exército sublevado contra a legalidade republicana; a ela pertence esta estrofa:

Y cara al sol, que la baña,
vamos del Caudillo en pos
los hombres de buena entraña,
los de ¡arriba y viva España!,
cuantos creemos en Dios.

c) “El cantor de la montaña para la egregia dama D^a Pilar Franco de Jaraiz (De advento gratulatio...)”, de 20 de xuño de 1937, en que o poeta lle dá a benvida á irmá de Franco, a quen apresenta como grande benefactora dos necesitados, terminando así:

La Musa de la montaña
otra vez vuestros pies besa.
Gran Señora, ¡Viva España!

d) “Vánse os quintos...”, de 30 de xullo de 1938, que é unha exaltación dos soldados galegos que se incorporan á fronte franquista en Asturias; termina cun cantar popular en galego, contendo tamén palabras nesta lingua: [86]

Y allá vá por los senderos
de aquella montaña altiva,
¡cara al sol!, a mocidade
que a incorporarse camiña.

e) “Juntéme con los romeros...”, de 4 de setembro de 1938; é unha composición en que o autor se mostra como devoto da Virxe dos Remedios, sendo a que menos referencias bélicas contén, aínda que tamén o tema da guerra está presente:

Así reparen los tuyos,
Señora, en el desamparo
en que, de presente, gimen
las madres de tantos bravos,
gloriosamente caídos
para afirmar tu reinado.

f) “Romance de Ramoncito”, de 24 de setembro de 1938, en que exalta o valor de Ramón Bermúdez de Castro, primeiro gobernador civil franquista de Lugo:

Y olímpico, destemido,
cuando era España un infierno,
en las calles herculinas,
y allá en Chavín, de Vivero,
a pistolas de asesinos
sé que presentaste el pecho
tantas veces... como leves
arenas tiene el desierto³⁴.

4. Tres textos na procura de autor: sobre tres poemas apócrifos

A faceta de Noriega Varela como poeta comprometido co bando sublevado en 1936 contra a legalidade republicana foi posta de manifesto por Claudio Rodríguez Fer na súa tese de doutoramento *A literatura galega durante a guerra civil* [87] (1936-1939), lida no ano 1991. Xa con anterioridade, o mesmo autor publicara un artigo³⁵ onde consideraba a Noriega Varela autor dos tres “Xuicios do Ano” aparecidos no popular calendario *O Gai-teiro de Lugo* no período en que se desenvolveu a guerra civil, isto é, durante 1937, 1938 e 1939. Mais hai que ter en conta que nos tres textos non figura nengunha indicación da autoría, feito explicábel polo seu forte compromiso a favor dos sublevados. Desde o primeiro momento tivemos dúbidas sobre tal atribución por non cremos achar nos textos o estilo de Noriega, até que finalmente nos convencemos de que este non podía ser o seu autor; e así o fixemos constar xa en 1992, dando razóns que nos pareceron suficientes³⁶. Previamente, incluíramos con reserva eses tres “Xuicios do ano” no noso libro *A cara oculta de Noriega Varela (biografía e textos esquecidos)*, de 1992, baseados no criterio de Rodríguez Fer, que á súa vez se apoiaba no testemuño de Filgueira Valverde. Un estudo máis repousado de toda a obra deste autor, feito con motivo da preparación da nosa tese de doutoramento *Antonio Noriega Varela: vida e obra. Edición crítica*, lida en Xullo de 1992, fixo que as sospeitas fosen en aumento, chegando a nos cuestionarmos a inclusión deses tres textos dentro da obra do autor de *Do Ermo*, que finalmente suprimimos, pasándoo a apéndice, á hora de publicarmos o traballo³⁷.

Ora ben, algunhas novidades bibliográficas dos últimos anos que fan referencia a esta cuestión obrígnanos a volver sobre o asunto, aproveitando a ocasión que nos brindan unhas oportunas “Xornadas de estudio e debate: Guerra civil (1936-1939) e literatura galega”. Referímonos en concreto ás obras *A literatura galega durante a guerra civil* (1994), de C. Rodríguez Fer, onde, sen facer referencia á nosa posición, mantén con rotundidade a atribución dos textos a Noriega xa realizada en traballos anteriores³⁸; e *Os poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía* (1997), de X. Alonso Montero; este estudioso toma en consideración o noso posicionamento para afirmar: “Nas razóns non ideolóxicas non vai des-

³⁴ Ademais de nas datas sinaladas en *Vallibria*, tamén se poden ler estes textos completos no noso libro *A cara oculta de Noriega Varela*, Laiovento, Santiago, 1992, pp. 188-193, ou ben en *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, *op. cit.*, pp. 133-145.

³⁵ Vid. C. Rodríguez Fer, “O gaitero vai á guerra”, *A Nosa Terra*, Vigo, 17.5.1990.

³⁶ Vid. fundamentalmente “Noriega Varela no *Gai-teiro de Lugo*. Sobre a autoría de tres textos poéticos escritos en galego durante a guerra civil”, *A Nosa Terra*, Vigo, 26.11.1992.

³⁷ Vid. *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*, vol. II, Deputación Provincial, Lugo, 1994, pp. 567-577.

³⁸ Vid. C. Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil*, Xerais, Vigo, 1994, pp. 98-104.

camiñado Freixeiro Mato, pero, verbo das estrictamente ideolóxicas, non hai nos ‘Xuícius’ nada que non poida subscribi-lo cidadán Antonio Noriega Varela, antirrepublicano, anti-galeguista, afervoadado franquista e ata falanxista”³⁹. Mais xa nos nosos traballos anteriores deixáramos moi claro o perfil ideolóxico de Noriega e ao cuestionarmos a autoría dos tres textos, afirmábase: “As dúbidas sobre a autoría dos mesmos non afecta para nada ao claro apoio do poeta ás forzas rebeldes dirixidas polo xeneral Franco, apoio patente [88] noutros poemas en galego e español desta mesma época”⁴⁰. De todas as formas Alonso Montero atribúe a Noriega uns versos do ‘Xuicio do ano’ 1937, citándoos ao lado doutros de Cabarcos Suárez, en que se alude a Franco eloxiosamente, cando existen outros textos si de Noriega onde tamén se cita e se louva a Franco, como acabamos de ver.

A atribución da autoría deses tres textos bélicos a Noriega Varela foi realizada verbalmente por Filgueira Valverde, verdadeiro responsábel da publicación en que os textos apareceron e por tanto en principio a persoa máis cualificada para coñecer o seu autor, que, segundo o mesmo Filgueira confesou a Claudio Rodríguez Fer, persoalmente lle entregaba a el as composicións e que viña sendo Noriega Varela. Esta foi, pois, a versión que Filgueira Valverde lle deu a Rodríguez Fer, segundo este nos dixo en conversa privada, e que o erudito pontevedrés nos confirmou persoalmente e de forma moi concisa cando, nun encontro no Museo de Pontevedra, pretendemos tratar o asunto con el, remeténdonos ao que lle dixera ao profesor de Lugo e que este xa tiña publicado, sen querer entrar en ningún tipo de diálogo connosco sobre a cuestión.

Por iso queremos agora reiterar as razóns que nos levaron ao convencimento de que os textos non pertencen a Noriega, aínda que para nada cuestionemos o máis que evidente posicionamento do autor a favor de Franco nen a súa colaboración moi destacada en *O Gaitero de Lugo* no período 1931-1935, colaboración que curiosamente desaparece a partir dese ano, deixando de lado os textos en cuestión, cando anteriormente Noriega tiña un papel moi destacado na publicación.

Noriega Varela iniciou a súa colaboración en *O Gaitero de Lugo* no ano 1931, como el mesmo indica no “Xuicio do Ano”:

Non tiña leira, nin leiro,
nin chavóla, nin palleiro;
mais ¡qué bon teto ora zugo!
¡Cheguei a tamborileiro
d’o Gaiteriño de Lugo!...
Castro Lamas, un señor
noviño, e de moito humor,
visto que o ano novo chega,
díxome: “amigo Noriega,
hay qu’apandar c-o tambor”.

[89] Este ‘Xuicio do Ano’, a sección máis importante do famoso calendario, vai asinado coas iniciais “A.N.V.”, que non deixan lugar a dúbidas sobre a autoría, igual que os dos anos seguintes, 1932 e 1933; neste último mesmo hai referencia ao traslado do poeta desde a Graña de Vilarente, no concello de Abadín, a Chavín:

³⁹ Cfr. X. Alonso Montero, *Os poetas galegos e Franco*, Akal, Madrid, 1997, pp. 15-16.

⁴⁰ Cfr. “Noriega Varela no *Gaitero de Lugo*...”, *op. cit.* Vid. tamén *A cara oculta...*, *op. cit.*, pp. 101-26.

A facer mofa de min
ben disposto, dixo: “ô fin
aquí está o tamborileiro
que fuxindo d’O Gaiteiro
se escurecéra en Chavin”.

Os “Xuicios do Ano” 1934 e 1935 van asinados como “Un pardabán” e “O tamborileiro d’Espiñarcao”, respectivamente, e non ofrecen nengunha dúbida sobre a autoría de Noriega, pois coinciden cos anteriores nos trazos formais, lingüísticos, humorísticos e ideolóxicos. Ademais, xa no ano 1932 usara para o “Xuicio do Ano” o subtítulo de “Pronósticos d’un pardabáo” e nun poema manuscrito de 1940 aparece como dedicatoria “Pra unha «señorita»... de Espiñarcáu”, lugar da freguesía de Romariz, no concello de Abadín, tamén citado no poema “Prás canónigas”, incluído no libro *Montañesas (Donde había colorados / refaixos, campaba o cego / de Espiñarcao, un brañego...)*. Ademais, nestes dous números Noriega continúa a ser o ‘factotum’ da publicación, pois nos números de *O Gaiteiro de Lugo* que van desde 1931 a 1935 Noriega non se limita a facer os “Xuicios do Ano”, senón que inclúe varios dos seus poemas xa publicados anteriormente e mesmo un inédito, así como coleccións de refráns, cantares, adiviñanzas e ditos populares, que o converten no colaborador máis importante, con moito, desta publicación.

Desde 1936 a 1939, ambos os anos inclusive, non volve aparecer nengún texto asinado por Noriega ou pertencente á súa obra coñecida, polo que se pode sospeitar que a súa colaboración con *O Gaiteiro de Lugo* talvez finalizase en 1935. O “Xuicio do Ano” 1936 vén asinado neste popular calendario por Antón de Sirgal, pseudónimo do cura Teolindo Cortiña Toural, quen xa fixera o do ano 1926, por exemplo. Noriega publicará un “Xuicio do Ano” 1936 na revista *Vallibria*, de Mondoñedo, asinando co seu nome completo⁴¹, onde fai alusións a Xerardo Castro, propietario de *O Gaiteiro de Lugo*, insinuando que non lle pagara o seu traballo anterior:

¿Como estou eu? ¡Coma tres
c’unha zoca n-a pucharca! [90]
Si é que toco, ¿cobraréi?
¿E si non toco? ¡Non paga!
Pois... ¡ende ben! ¡Maus á angueira!
e, si o punteiro me falla,
c’o aire que sál d’o roncón
iremos suprimindo a falta
d’O Gaiteriño de Lugo
(que de Dios goce sua y-alma).

Con estes antecedentes, e desaparecido o nome de Noriega e as súas composicións nos calendarios do período 1936-1939, achámonos coa atribución dos “Xuicios do Ano” de 1937, 1938 e 1939 ao poeta de Mondoñedo, cuxa autoría, segundo Claudio Rodríguez Fer, reiteramos, é referendada por Filgueira Valverde, entón catedrático no Instituto de Lugo, quen colaboraría activamente nas sucesivas edicións de *O Gaiteiro de Lugo* desde 1936, ano a partir do que sae totalmente en galego por iniciativa súa, até 1957, cando anteriormente era bilingüe.

⁴¹ Vid. o nº 308, de 12.1.1936, desta publicación mindoniense.

Razóns de carácter fundamentalmente lingüístico, aínda que tamén métrico, estilístico e ideolóxico, alén das consideracións anteriores, lévannos a cuestionarmos seriamente tal autoría. Noriega Varela ten unha clara conceición lingüística desde os seus primeiros pasos poéticos, e a ela se mantén fiel ao longo da súa dilatada traxectoria literaria. O seu código lingüístico pódese resumir en: fidelidade á lingua popular, a partir da que elabora a súa lingua literaria; solucións morfolóxicas e léxicas tiradas do galego mindoniense (modelo dialectal de lingua); rexeitamento de propostas estandarizadoras formuladas polo movemento galeguista (ausencia, en xeral, de pseudogaleguismos e diferencialismos equivocados, abundancia de castelanismos propios da fala e solucións ortográficas e morfolóxicas á marxe da tradición galego-portuguesa). A súa fidelidade a este modelo de lingua fica patente nas correccións manuscritas que el mesmo realizou no xa citado exemplar de *Como falan os brañegos* dedicado a Couceiro Freijomil, onde rexeita calquer alteración do seu sistema ortográfico ou das súas escollas morfolóxicas e léxicas; así, escribiu na portada da obra: “Da Real Academia Gallega lo puso el editor sin mi permiso; y *Antón* por Antonio; *unllas* (muchas veces), por uñas; *i*, por y; *locucións*, por locucióis; *adverbiás*, por adverbiales; *refráns*, por refrás; etc., etc.” Tamén corrixe sistematicamente *man* por *mau*, ou *com'un*, *com'unha* por *com'on*, *com'onha*, etc.

Os tres “Xuicios do Ano” en cuestión seguen un mesmo sistema de representación gráfica e presentan as mesmas solucións morfolóxicas e similares escollas léxicas. Algúns dos fenómenos lingüísticos que aparecen nos tres textos e que se afastan da praxe idiomática do autor de *Do Ermo* son os seguintes: contracción *ao* en todos os casos, fronte ao uso sistemático de *ó* en Noriega; contracción *ca*, *cas* en vez de *coa* [91] e *coas* usadas sempre polo autor; *pra os*, *pra as* fronte a *pr'os*, *pr'as*; representación da conxunción copulativa seguida de artigo como *i-o*, *i-a* ou *i-en*, *i-é*, no canto de *y-o*, *y-a*, *y-en*, *y-é* utilizadas en toda a obra do autor; *ceo* por *ceyo*; *man*, *gran*, *chan*, *irmán* polas formas *mau* ou *mao*, *grau* ou *grao*, *chau* ou *chao*, *irmau* ou *irmao*; plurais en *-ns* (*tabeiróns*, *xamóns*, *bens*, *irmáns*) nunca empregados por Noriega, que segue sempre a norma do galego central (*bes*); casos de teísmo insólitos no autor (*¡Quen te dixera, gaitero...*; *Se inda veñen males, cala, que piores te virían...*); a forma *galego*, *galegos* que aparece nos tres textos reiteradamente fora introducida polas Irmandades, ás que Noriega se opuxo, usando sempre *gallego(s)*; outras formas como *outa*, *ar*, *dor*, *doores*, *siños*, *Apóstolo*, etc., xamais empregadas por Noriega, podían encaixar perfectamente no que el mesmo chamaba “barbarismos atroces das Irmandades da Fala”. A caracterización xeral dos textos lingüisticamente apunta cara a un autor do bloque occidental, e máis en concreto da zona suloccidental, como tamén pon de manifesto o emprego frecuente do infinitivo xerundial (*que anda ca muda... a virar*; *pol-a terra a pelear*; *por España a guerrear*; *hay quen esté a traballar*; *do fillo que está a loitar*; *por estas terras a andar*; *sempre na guerra a trunfar*; etc., etc), construción non utilizada por Noriega. Véxanse, a modo de exemplo, os versos 97-104 do “Xuicio do ano” 1937:

Son moitos mariscos estes
tabeiróns do noso mar!
 España pol-os **galegos**
 que temos folgos **i-ardicia**,

e por si foi pouco dare⁴²,
dar os fillos que un mantiña,
eí vos van vacas leiteiras,
e **xamóns** para a cociña

Ou o inicio do “Xuicio do ano” 1938:

Ao gaiteiro neste ano
xa non hay queno resista:
leva blusa falangista
e boina de requeté, [92]
o seu fusil, a sua gaita,
e pra achantar **ao** marxista
o pulso rexo, **outa** a vista,
peito duro e moita fé.
O gaiteiro está no frente
por España **a guerrear**.
E sempre, coma de cote,
pendente do tempo está.
Denantes sempre coidaba,
vendo o tempo revirar,
si a chuvia meraba a froita,
si o vento levaba o **gran**

Moitos máis exemplos se podían pór dos tres textos, que responden a un mesmo modelo de lingua; para non reiterarmos as citas reproducímolos en apéndice ao final deste traballo. Formas como as resaltadas nos dous exemplos anteriores, entre outras, nunca foron nen poderían ser empregadas polo autor de *Do Ermo*, dada a súa total fidelidade ao modelo dialectal mindoniense.

Certo é que algúns destes trazos se poderían atribuír á intervención doutras persoas que alterasen o texto en contra da vontade do autor. Mais non parece o caso, pois Noriega era extremadamente coidadoso e exixente neste aspecto e, ademais, nos tres números de *O Gaiteiro de Lugo* hai outros textos transcritos cun sistema gráfico parecido ou igual ao que el empregaba habitualmente, sen que un suposto corrector lingüístico do popular calendario tivese actuado.

Tamén na métrica se achan argumentos para dubidarmos da autoría de Noriega, ou mellor, para definitivamente negarmos, segundo o noso parecer, que estes textos sexan de Noriega, que era un magnífico versificador e que se axustaba constantemente aos moldes tradicionais, sen apenas alteracións; practicamente non se acha un verso en toda a súa produción que non garde a regularidade métrica, mesmo naquelas composicións mais intrascendentes e tamén nos “Xuicios do Ano” da súa clara autoría. Porén, no de 1937, que forma un romance de octosílabos con dous tipos de rima, os sete primeiros versos son decasílabos, o v. 8 é hendecasilabo e o v.17 hexasilabo; o texto de 1938, tamén romance de octosílabos con rima asoante en -á, ten unha tiraxe inicial de oito versos con rima consoante -aab-aab, combinación nunca empregada polo autor.

⁴² Tampouco Noriega soe utilizar o -e paragóxico; en toda a súa obra só achamos un caso, como xa recolleemos no noso estudo sobre a lingua do autor (*Da montaña o corazón (Producción literaria e lingua en Noriega Varela)*, El Progreso / Caixa Galicia, Lugo, 1993, p.79), a onde remetemos para unha máis completa caracterización do seu modelo lingüístico.

O “Xuício do Ano” 1939 constitúe un caso especial en que os moi fundados indicios arredor da autoría se convirten practicamente en evidencias que negan a de Noriega Varela; metricamente consta de dúas partes: romance con rima en -á (vv.1-58) e dez pareados de versos alexandrinos (vv.59-78), xamais empregados polo [93] autor mindoniense. Ademais de se acentuaren neste texto os trazos lingüísticos improprios do poeta, hai nel un trasfondo ideolóxico de carácter galeguista –tamén latexante, aínda que menos explícito nos outros dous– que Noriega nunca tivo:

–Adiviño o porvir pol-os **siños** do escudo,
cruces, calis e hostia, falan de un vivir duro;
siños de sacrificio, non de vida levián,
espellan o futuro deste **pobo cristián**.
Mais o calis da Ofrenda, **cheo** das nosas **doores**
vexo subir **ao ceo ao** Pai dos Pecadores,
Cristo **ca** pasión sua **ao** seu Pai o presenta
e nas **i-almas** coitadas firme esperanza alenta.
Así total-as **doores** son prenda de ledicia
i-anuncian a ventura dos fillos de Galicia.
Vexo a estrada do **Apóstolo** cuberta de romeiros
como os que n’outro tempo enchian os vieiros,
vexo montes cubertos pol-a frouma dos pinos,
a cantar vagarosos os seculares hinos,
vexo campos vizosos e froitosos pomares
e videiras cargadas e quentor nos fogares,
i-os galegos sofridos, trunfando nas campañas
i-agarimada a terra que é nai das Españas.

Lendo versos como estes un ten a sensación de non estar perante o autor de *Montañesas* e *Do Ermo* ou das composicións satíricas e humorísticas da súa última época, senón diante dun poeta ideoloxicamente moi conservador pertencente ao movemento galeguista máis de dereitas que, dalgunha maneira, teña participado das inquietudes lingüísticas das Irmandades da Fala ou dos ideais galeguistas que animaron a xeración do Seminario de Estudos Galegos, como é o caso do propio Filgueira Valverde, por exemplo. Neste sentido é sintomático, ademais, o feito de que non haxa nos tres textos nengunha crítica directa ou indirecta ao galeguismo e aos seus símbolos e institucións, verdadeira teima constante de Noriega nos “Xuícios do ano” anteriores.

5. Conclusión

Asumindo como asumimos que Noriega Varela non é o autor destes tres textos, ficaría por aclarar a identidade do verdadeiro autor dos mesmos, cuestión sobre a [94] que xa temos dado algunhas orientacións como as suxeridas nas liñas precedentes. Mais o que si nos parece claro é que Noriega Varela reunía as condicións adecuadas –ideoloxía franquista, autoría de ‘xuícios’ anteriores na mesma publicación, falecemento en 1947 e esquecemento da crítica– para ser considerado o seu autor ou para, interesadamente por parte de alguén, facelo carregar coa autoría duns textos que a determinada altura no discorrer dos acontecementos políticos podían resultar incómodos ou seren considerados como politicamente incorrectos.

O poeta da montaña, o cantor do ermo solitario, ao ver en perigo os seus ideais políticos de signo tradicionalista na derradeira etapa da súa vida, abandonando en parte a liña poética emprendida en *Do Ermo*, botará man novamente da súa musa satírica e burlona e fará unha serie de composicións de carácter político-humorístico en contra da República e do galeguismo, así como dos seus máis cualificados representantes e das ideas progresistas en xeral, no período 1931-1936, mantendo nesta poesía de carácter prebélico o uso da lingua galega. Iniciada a guerra en 1936, fiel á liña ideolóxica mantida ao longo de toda a vida, pon a súa inspiración poética ao servizo da causa dos militares sublevados contra a legalidade republicana, nunha serie de composicións en exaltación da Falanxe e de Franco en que abandona o ton humorístico por outro máis grave, mudando tamén a lingua galega pola castelá. Mais non coñecemos textos bélicos en galego de Noriega Varela durante os tres anos que durou a guerra.

[95] Apéndice: os tres poemas apócrifos

Xuicio d'o ano 1937

¡Vaite e non volvas, ano do demo,
lévete xuncras, ano de mal,
trouxeches guerra, fames, traballos,
loitas arreo, canto hai que dar!

¡Dios te perdoe, porque trouxeches
nas tuas angurias novas de pas:
gobierno, leises, cousas dos vellos
que xa coidábamos non viñan mais!

¡Ano de mil novecentos
e trinta e seis a mediar
andan os tempos revoltos;
qué Dios os faga virar!

Erguerase a xente, non
quedaba xa tris con tras,
todos a mallar en un,
todos a ver quen é mais.

Todo era de todos,
calisquera nugallán
levaba o lugar por diante
moi caballero a mandar
feito un alcalde pedáneo
pol-o Frente Popular.

Chegara xa o comunismo,
era cousa de mirar:
a moza está feita unmozo,
o mozo sabe de mais,
a nai metida na horta,
o pai cas faldras da nai.

Os rapaciños da escola
xa non saben saudar:
agora erguen o puño,
como quen a figa fai,
e co caravel na orella,
moi repostos, en lugar
do “Boas tardes nos dé Dios”
espetábanlle a un sin mais:

“U. H. P., proletario,
tenga salú camará”
que era moda dos madriles
i-à moda mandaba mais
que o que viña na cartilla
i-o que gobernan os pais.

“Moito runflan, deciamos,
moite lles vai a pesar”.
Daqueles meses, gaiteiro,
eu asmo, falando mal
que inda quedan moitas pragas
que teremos que aturar:
moito fillo das silveiras
que deixaron por criar,
moita esmorga a nosa conta
que quedara por pagar
i-algún paxaro vermello
que anda ca muda... a virar.

Ano de mil novecentos
e trinta e seis a mediar,
armouse a de Dios es Cristo
por non ir a cousa a mais.

Pas con pas, guerra con guerra,
que eí vos ven o lubican;
desta feita todo o mundo,
xunto o mouro co cristián,
i-o español co portugués,
contra o comunismo vai.

¡Quén te dixera, gaiteiro,
que por Lugo habían de andar
os mouros, que de tan lonxe
nos viñeran axudar!

Galicia lévase o ramo
nesta batalla campal:
¡Alá van nosos soldados,
eí vai nosa moxedá!

Pol-as Castillas adiante,
na Extremadura, i-alá
na Andalucía garrida,
i-en Irún, i-en San Marcial,
e nas Asturias de Oviedo
e no frente catalán
están fillos de Galicia,
pol-a Terra a pelear.

Co-eles se colle Gijón,
con eles se pode entrar,
en Madrí, que por ruín
mereceu tal mortandá.

Para soldados, Galicia,
dos que ben saben loitar;
para mariñeiros nós,
que como quen vai a mar
encher de peixe o aparello

sabemos cos bous catar
sumarinos i-afundilos,
para sempre endexamais.

Mariñeiros de Galicia,
mariñeiros, os que van
no “Cervera” e no “Canarias”
e no “España” a navegar!
Son moitos mariscos estes
tabeiróns do noso mar!

España pol-os galegos
que temos folgos i-ardicia,
e por si foi pouco dare,
dar os fillos que un mantaña,
eí vos van vacas leiteiras,
e xamóns para a cocina,
caixas de ovos... a centos
e milleiros de sardiñas.
Queredes homes, van homes,
queredes mantenza, axiña,
todos temos, damos todo,
todo menos... as galiñas.

E xa que de todo temos
eí vos vai, pra que vos rixa
o noso xeneral FRANCO
que vale, se ben se mira,
por todos nós xuntos, pois
tén por todos valentía
e saber, i-autoridá
i-o que cumpre ter na vida.
¡Por que naceu no teu chan
madia levas, Nai Galicia!

Non agardedes desdo ano
que escomenza, mellorías
que farten, nin bens a rego;
que pra todo cumpren días
e non chega a man do santo
do ceo que mellor sirva
pra enmendar erros tan fondos,
pra endereitar tanta avinza.

Se inda veñen males, cala,
que piores te virían
se non viñese un goberno
a mellorarnos a vida.

E no que che veña ben,
que non vai ser pouco, mira
a quen nos está mirando
e sobre todos domina.
E dille na nosa fala
ao rematar cada día:

“Se o mal se trocou en ben,
é que da tua man bendita
non deixaches nestes tempos
a tua terra de Galicia”.

Xuicio do ano 1938

Ao gaitero neste ano
xa non hay quen-o resista:
leva blusa falangista
e boina de requeté,
o seu fusil, a sua gaita,
e pra achantar ao marxista
o pulso rexo, outa a vista,
peito duro e moita fé.

O gaitero está no frente
por España a guerrear.
E sempre, coma de cote,
pendente do tempo está.
Denantes sempre coidaba,
vendo o tempo revirar,
si a chuvia meraba a froita,
si o vento levaba o gran,
si o trono rachaba as fontes,
si a brétema do serán
viña magoar a colleita,
que o sol puña a madurar...
Hoxe todo se lle volve
ver si o tempo ven ou vai,
e pensa si a chuvia o colle
na avanzada do pinal,
si a i-auga lle cala os hosos
si o frío lle xía as mans,
si o vento lle leva a i-alma
cara o lecer do fogar...
O gaitero, que é soldado,
vive soio pra loitar;
él, que sabe das tempías,
co tempo veu guerrear.
Avanza si fai bó día,
detense co temporal.
Chora ca chuvia, e ben canta
si Dios manda o sol raiar,
e “cara o sol” co bó tempo,
camiño adiante se vai,
namentras fuxen os roxos,
i-o cañón ven a zoar,
como bruan os balbordos,
das ondas na veiramar,
e voan, como paxáros,
os avións pol-o ar.

¡Mulleres da nosa terra,
si vindes a follear
estas follas do “Gaiteiro”,
por si o tempo ven ou vai,
pedídelles a Dios que mande
o mellor para adiantar,
e si se revira o tempo,
cuando brúe o temporal,
lembrádevos dos soldados
que loitan pol-o seu lar
e saben que na súa terra
hay quen esté a traballar,
por abrigar o seu frío,
pra quentar súa señardá!

Pol-o que escriben da terra
a este ano, Santo e Triunfal,
non se lle pode facer
xuicio que o veña noxar,
pois, de certo, santo e bó,
foi e veu a mellorar
o difunto novecentos
trinta e seis, que por xamais
dos xamases, abrenuncio,
se nos volva a presentar.

Bó ceo, mellor colleita,
pas na aldea e no fogar;
non houbo preito nin crime...
nin tempo de mormurar.

Choros pol-o fillo ausente,
bágoas pol-o que se vai,
inquietanza do ferido
que se queixa no hospital,
ledicia que traí a carta
do fillo que está a loitar,
contento do que retorna,
con permiso e que traí
feixes de novas da guerra
e degoiro de tornar,
e que, como volver ledó,
é un consolo para os pais...
Moitos traballos pra os vellos,
guerra para a mocedá,
e saudades pra as mulleres
—a nai, a moza, as irmáns—
rezos de todos, e sempre,
porque ao irmán, ao mozo, ao fillo
Dios o traya da súa man...
Este é o ano trinta e sete.
Así veu, e así vai.

O mellor xuicio do ano
é o que de Galicia fan
por eses mundos de Dios,
¡i-abofellas que é gabar!

O gaiteiro moito viu
por esas terras a andar:
foi de un fronte para outro,
andivo de mar a mar,
por todol-os sitios viu
o que hoxe Galicia val.
Cando un dí “Son de Galicia”
madia leva no falar!
Oise decir que os soldados
galegos non teñen par,
i-évós dito moi sonado,
porque o dixo o General.
Oise decir que Galicia
cas suas leiras i-o seu mar,
pode manter os exércitos,
i-é falado con verdá,
porque o dín en Intendencia,
que leva a conta cabal.
Oise decir que Galicia
tiña nun tempo da man
a historia do Imperio vello
que se vai logo anovar.
I-esto o decía na radio
un poeta a platicar.
Eso é o que escoita o gaiteiro
pol-as terras onde vai.
E lembrándose que FRANCO,
o Caudillo, e seu irmán,
de terra i-armas, ben pode
con todo o folgo berrar
“Terra a Nosa”, que é decir
que Galicia vai trunfar
por España e pol-a causa
do Goberno Nacional,
neste ano trinta e oito
que se vai á començar,
e Dios faga que nos traía
o trunfo, a gloria i-a pas.

Xuicio do ano (1939)

–¿Onde vai o meu gaitero,
meu gaitero onde ti estás?

–Andiven por lonxas terras
camiñei de mar a mar,
dende as Asturias de Oviedo
a plana de Vilarreal,
dos montes irtos do Norte
ao leste de terras chans,
sempre en loita, miña prenda,
sempre na guerra a trunfar.

–Moito andiveches gaitero,
pouco poideches tocar.

–Inda non perdín os folgos,
nin me esquece o repicar;
con outros trinta gaiteros
nas festas do San Froilán
desfilei co reximento
pol-as rúas da ciudá...

–Seica toleas gaitero,
tropa con gaitas a par,
na miña vida tal vín,
no mundo ouvín cousa igual!

–Non toleo, miña xoia,
así foi e así será,
así fixeran os vellos
i-os costumes voltan xa.
Eso quereche decir,
eso quereche amosstrar
que o galego toca e loita
como esta terra nadal
que sabe xuntar a un tempo
pulo e son, forza e saudá,
que sabe sorrir ao dor
que sabe esperta soñar,
que é rexa para sufrir
e leda para cantar.

–¿Dime o teu xuicio, gaitero,
do ano que finou xa?

–Foi mellor que o trinta e sete,
i-o que ven o ha mellorar.
Ano de guerra, houbo pas;
de sequía, i-houbo pan.

Si ceo roxo anunciou
sangue de guerra mortal,
un ceo azul sen nubeiros
dou sinal da longa pas,
pol-a que loitan os mozos,
pol-a que choran as nais.
Si negros loitos nos trouxo
non se pode maldizoar,
pois cas penas o consolo
soupo de cote envoltar.
Ano Santo, que é decir,
do sufrir e de loitar,
de martirios e de glorias,
de padecer... e trunfar.

–¿Dime agora qué é o que podes
para o futuro albiscar?

–Adiviño o porvir pol-os signos do escudo,
cruces, calis e hostia, falan de un vivir duro:

signos de sacrificio, non de vida levián,
espellan o futuro deste pobo cristián.

Mais o calis da Ofrenda, cheo das nosas doores
vexo subir ao ceo ao Pai dos Pecadores,

Cristo ca pasión sua ao seu Pai o presenta
e nas i-almas coitadas firme esperanza alenta.

Así total-as doores son prenda de ledicia
i-anuncian a ventura dos fillos de Galicia.

Vexo a estrada do Apostolo cuberta de romeiros
como os que n'outro tempo enchían os vieiros,

vexo montes cubertos pol-a frouma dos pinos,
a cantar vagarosos os seculares hinos,

vexo campos vizosos e froitosos pomares
e videiras cargadas e quentor nos fogares,

i-os galegos sofridos, trunfando nas campañas
i-agarimada a terra que é nai das Españas.

Tal é o que o escudo anuncia para o ano vindeiro
e que o Señor confirme os soños do

GAITEIRO